



1º CONVOCATORIA INTERNACIONAL DE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS A CASA VELLA A TRAVÉS DO PROGRAMA IBERESCENA (Amiadoso -> Allariz -> Ourense -> Galicia)

O proxecto da Casa Vella concíbese como un espazo de creación artística e acción social no rural, para a investigación e formación artística, o uso creativo e saudable do corpo, o respecto polo medio natural e a posta en valor dos seus recursos endóxenos e o patrimonio cultural inmaterial. O proxecto A Casa Vella é un espazo para a conexión, a relación e a reunión, favorecendo a reflexión e o diálogo; o encontro interxeracional, un lazo de unión entre o rural e o urbano, entre a arte, os corpos e os ecosistemas natural e social.

Obxecto da convocatoria A Casa Vella pretende abrir a súa actividade á comunidade iberoamericana a través dunha convocatoria internacional co apoio de Iberescena e promover presencialmente as relacións das comunidades artísticas de Portugal, polo que se convocan dúas residencias artísticas dirixidas a compañías/artistas que fundamenten o seu traballo artístico arredor do movemento e o corpo:

- artistas con sede en Portugal
- artistas con sede en calquera outro país socio do Programa Iberescena (Argentina, Bolivia, Brasil, Colombia, Costa Rica, Chile, Cuba, Ecuador, El Salvador, Guatemala, México, Panamá, Paraguay, Perú e Uruguay).

A Casa Vella non ofrece residencias técnicas.

Período de solicitude Do 16 de febreiro ao 15 de marzo de 2022.

Documentación a aportar Enviarase ao email acasavellamiadoso@gmail.com a seguinte documentación e con asunto CONVOCATORIA RESIDENCIAS:

- Dossier descriptivo dos obxectivos da residencia, contidos, proposta de actividade de mediación e links a traballos anteriores (máximo 5 páxinas).
- Currículum (máximo 1 páxina por artista).
- Cédula de identidade dxs participantes na residencia e país de residencia.
- Carta de motivación (máximo 1 páxina).

Período de realización das residencias Do 1 de xuño ao 31 de agosto de 2022.

Duración das residencias Máximo de 15 días.

Resolución da convocatoria Máximo 15 de abril de 2022.

Tipoloxía das residencias Residencias de investigación e creación de artistas individuais ou equipos de máximo 3 persoas, de curta ou media traxectoria profesional que fundamenten o seu traballo artístico arredor do movemento e o corpo. Valorarase positivamente os

proxectos que experimenten con fórmulas de arte comunitaria e interxeracional, abrindo portas a novas formas de habitar e convivir.

Espazos destinados ás residencias Sala de ensaio, espazo residencial - aloxamiento, espazos naturais Reserva da Biosfera, espazos nos centros educativos do Concello (escola infantil, primaria e IES) e Fogar dos Maiores.

Aportación do espazo A entidade correrá a cargo dos desprazamentos internacionais e locais, aloxamento e manutención así como o persoal necesario para o acompañamento artístico do proceso. Ademais porase á disposición dxs artistas o rexistro documental, fotografía e vídeo.

Compromisos dx artista

- Realizar a residencia no período acordado por ambas partes.
- Realizar unha actividade de mediación coa comunidade local e/ou comunidade artística de Galicia ao finalizar a residencia ou no transcurso da mesma (encontro, mostra, apertura de proceso participativo,...).
- Realizar unha memoria descriptiva da residencia (máximo 5 páxinas) e entrega nun prazo máximo de 1 mes desde a finalización da residencia.
- Autorizar ao rexistro en vídeo e foto da residencia.
- Respectar as instalacións e o entorno.

www.acasavella.gal

Co apoio de



